



## ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA A REHABILITACIÓN E O DESEÑO INTERIOR DA NOVA PRAZA DE ABASTOS.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

**Primeiro.-** A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é o órgano encargado de exercer as competencias que, en materia de comercio interior, o artigo 30.I.4 do Estatuto de autonomía de Galicia atribúe á nosa comunidade autónoma segundo o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla entre os seus obxectivos, a renovación e promoción do sector comercial.

**Segundo.-** O Concello de Ponteareas, en adiante, o concello, en uso das competencias atribuídas polo artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e nos artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ten a firme vontade de financiar o proxecto de rehabilitación e deseño interior da nova praza de abastos de Ponteareas.

O concello ostenta a titularidade das parcelas e do inmovible no que se ubicará a praza de abastos, que ten unha gran importancia para o concello como espazo dedicado á prestación dun servizo público.

**Terceiro.-** O 10 de xaneiro de 2025 subscríbese un convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Ponteareas para a rehabilitación e o deseño interior da nova praza de abastos, cun orzamento total que ascende a oitocentos mil euros (800.000,00 €), IVE engadido.

**Cuarto.-** O 8 de setembro de 2025 o Concello de Ponteareas presenta ante a Dirección Xeral de Comercio e Consumo unha solicitude electrónica para o reaxuste económico das actuacións obxecto do convenio e a ampliación do prazo de xustificación do investimento mediante a tramitación da correspondente addenda sen que isto supoña un incremento do importe global.

As causas aducidas polo concello para solicitar a modificación son as seguintes:

*"1. Necesidades funcionais detectadas tras reunións cos praceiros e coas praceiras. Resultou imprescindible proxectar a demolición da fachada traseira e a execución dun*





*volumen anexo para acoller un posto de pescadería, cafetería e almacén, inexistentes no proxecto inicial.*

*2. Patoloxías estruturais imprevistas. A demolición da fachada traseira provocou desprendementos de ladrillo na bóveda do edificio, polo que é necesario incorporar unha solución arquitectónica de protección mediante malla metálica para garantir a súa estabilidade e seguridade.*

*3. Axuste de partidas orzamentarias. Para manterse no importe global de 800.000 €, foi preciso reprogramar as partidas do convenio.*

*4. As actuacións a executar con cargo ao convenio modificado inclúen: actuacións previas, execución do anexo traseiro, cubertas e carpinterías, pavimentos, protección de bóvedas, instalacións básicas (electricidade, saneamento, fontanería, PCI, ventilación, telecomunicacións), así como seguridade, saúde, control de calidade e xestión de residuos.*

*5. Quedarán pendentes dunha fase posterior, por falta de financiamento, os seguintes traballos: traslado e instalación definitiva dos postos, subministración e colocación do ascensor, e acabados finais.*

*6. Necesidade de ampliación de prazo de xustificación. Debido ás dificultades derivadas da intervención nun inmovible antigo e aos contratemplos estruturais atopados, solicítase que o prazo de xustificación previsto na cláusula oitava do convenio vixente se amplíe ata o 15 de decembro de 2025, a fin de garantir unha execución completa e unha xustificación rigorosa dos fondos".*

**Quinto.-** *A cláusula décimo primeira do convenio de colaboración dispón que "O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto subvencionado coa correspondente modificación, no seu caso, do contrato de obras nos termos establecidos pola Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cun mes de antelación á data de finalización da xustificación do investimento de cada anualidade de conformidade co disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.*

*En ningún caso a modificación poderá supoñer un incremento do importe global establecido neste convenio e deberá ser proposta pola comisión de seguimento e autorizada pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.*

*A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros, respecte o obxecto da subvención e as actividades subvencionadas, evite actuacións deficientes e incompletas e se realice no prazo fixado neste convenio. Para a modificación non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se asinou o convenio, tiveron lugar con posterioridade á súa sinatura (...)"*

*As devanditas modificacións deberán formalizarse a través da correspondente addenda e someterse aos requisitos previstos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no*



artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

**Sexto.-** O 18 de setembro de 2025 constitúese a comisión de seguimento do convenio de colaboración de conformidade co disposto na súa cláusula décimo cuarta. A comisión acorda o seguinte reaxuste económico das actuacións obxecto do convenio e a ampliación ata o 15 de decembro de 2025 do prazo de xustificación do investimento mediante a tramitación da correspondente addenda:

<b>FASE 1</b>				
	<b>M. LINEAIS</b>	<b>M2</b>	<b>IMPORTES</b>	<b>TOTAL</b>
<b>01 ACTUACIÓNS PREVIAS EXTERIORES</b>				<b>16.105,54 €</b>
01.01 CUBERTA. DEMOLICIÓN VOLUME ANEXO FACHADA TRASEIRA		125	9,29 €	1.160,71 €
01.02 DRENAXES	150		13,41 €	2.011,23 €
01.03 URBANIZACIÓN		35	106,84 €	3.739,47 €
01.04 FACHADAS		128	71,83 €	9.194,13 €
<b>02 ACTUACIÓNS PREVIAS INTERIORES</b>				<b>1.652,96 €</b>
02.01 FACHADAS INTERIORES		790	1,14 €	898,29 €
02.02 ESCALEIRA E PLANTAS ALTAS				732,75 €
02.03 INSTALACIÓNS				21,92 €
<b>03 CUBERTAS E FACHADAS</b>				<b>156.960,60 €</b>
03.01 CUBERTA TORRE		80	74,84 €	5.987,11 €
03.02 ANEXO FACHADA TRASEIRA. PEZA 20 PESCADERÍA-CAFETERÍA		125	794,06 €	99.257,82 €
03.04 FACHADAS		790	2,29 €	1.807,82 €
03.05 CARPINTERÍAS EXTERIORES				44.993,10 €
03.04 URBANIZACIÓN PERIMETRAL				4.914,75 €
<b>04 ACABADOS INTERIORES</b>				<b>260.826,47 €</b>
04.01 PAVIMENTOS		1480	73,11 €	108.207,89 €
04.02 FACHADAS INTERIORES E PROTECCIÓN BÓVEDAS				39.867,43 €
04.03 ESCALEIRAS				2.857,56 €
04.04 PLANTAS ALTAS TORRE		160	169,60 €	27.136,02 €
04.05 ASCENSOR (FOSO)				9.978,22 €
04.06 CARPINTERÍAS INTERIORES				3.879,19 €
04.07 PEZAS E POSTOS				68.900,16 €
<b>05 INSTALACIÓNS</b>				<b>100.357,17 €</b>
05.01 ELECTRICIDADE				37.438,71 €
05.02 SANEAMENTO				18.624,42 €



05.03 FONTANERÍA				20.507,51 €
05.04 EQUIPOS SANITARIOS				5.537,52 €
05.05 PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS				10.434,16 €
05.06 VENTILACIÓN				3.446,60 €
05.07 TELECOMUNICACIÓNS				4.368,25 €
<b>06 CONTROL DE CALIDADE</b>				<b>6.862,27 €</b>
<b>07 SEGURIDADE E SAÚDE</b>				<b>6.467,90 €</b>
<b>08 XESTIÓN DE RESIDUOS</b>				<b>6.361,23 €</b>
PEM				555.594,14 €
13 % G.G				72.227,24 €
6 % B.I.				33.335,65 €
TOTAL				661.157,03 €
IVE 21 %				138.842,98 €
<b>PEC</b>				<b>800.000,00 €</b>

**Sétimo.-** En virtude do acordado pola comisión de seguimento, modifícanse as cláusulas segunda e oitava, así como o anexo do convenio de colaboración, manténdose inalterable o resto do clausulado.

Esta modificación non supón un incremento do importe consignado no convenio, non dana dereitos de terceiros e seguen concorrendo os mesmos requisitos tidos en conta no momento da súa subscripción.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital  
O director xeral de Comercio e Consumo  
Gabriel Alén Castro

